



Maleta: Familias

Contido

O material que se selecciona para a maleta de familias está relacionado co papel destas na educación dos seus fillos, polo tanto ha de atender tanto a libros divulgativos do ámbito da psicoloxía evolutiva como da pedagogía e a intervención con menores. Dalgunha maneira, estes recursos han de servir para que as familias asuman a súa labor educadora con responsabilidade, que se comprometan nunha misión que só eles poden desenvolver (coa colaboración da institucións educativa, pero nunca en substitución) e que acaden seguridade no seu comportamento ao basearse nos estudos de expertos e non en intuicións ou modelos inadecuados. Estes materiais tentan responder a todas as preguntas que os pais e nais se formulan no día a día, como Recetas para educar, El no también ayuda a crecer, La familia con hijos adolescentes, De sexo también se habla, Transtornos da alimentación...

Un bo monllo de libros tratarán sobre a lectura, a mellor maneira de espertar o gusto e o hábito lector (Lectura y familia, La magia de leer, La lectura y la vida, Cómo hacer que tus hijos lean, El arte de contar cuentos a los niños, Catro cartas...), outros xirarán sobre os perigos da sociedade actual (Adicción a novas tecnoloxías, Lo que hacen tus hijos en internet; TV, fábrica de mentiras: la manipulación de nuestro hijos...), sobre a convivencia (Tender puentes, Convivir, Por que non me entenden meus pais?...), sobre a mellor maneira de enfrontar a vida segundo os últimos divulgadores como Goleman, Rojas Marcos, José Antonio Marina, Punset...

Otro apartado, ha de recoller os recursos a compartir por pais e fillos como é o caso dos álbums ilustrados a través dos cales podemos traballar determinados valores (como as coleccións “¿E que?”, “A igualdade conta”, “A favor das nenas”, “Lila lilaina”... ou libros específicos como Unha chea de familias) ou situacións (como a perda de familiares en Mejillas rojas, Yo las quería, El ángel del abuelo, O estanque dos parrulos pobres ou a desigualdade como en El abrigo de Pupa ou El caso de Lorenzo). Outros álbums, como os de Anthony Browne, nos que a observación é fundamental e dos que se poderán sacar conclusións de moito interese para a vida en familia (Mi hermano, Mi papá, Mi mamá, O libro dos porcos, Cambios, Cosas que me gustan, Que tal estás?, Sacapenas...) . E outros libros como os de Fina Casalderrey (Eu son eu, Quen me quere adoptar?, A derradeira carta aos reis magos,...) que achegan unha visión poética da realidade cruel desde a óptica infantil.

Tamén para compartir, están pensados todos os relacionados coa tradición (7 llaves de cuento, Adiviñas, Guía ilustrada da Galicia invisible, Arrolos e rodas, a colección “Cabalo buligan”, Cando o rei pasou por aquí...) e aqueles nos que buscamos a colaboración e comunicación entre uns e outros mediante os xogos, a cociña, o tempo de follear xuntos libros (Espazos naturais, libros de arte ou de poesía, guías de natureza, títulos como os das coleccións de Altea Benjamín/Curiosidad/Usa las matemáticas/ Cuerpomanía/Conocimiento...) atopando a información que interesa ou gozando dos versos e historias que cadaquén prefire.

Os películas para realizar unha sesión con flocos e os discos para cantar e bailar, tamén son recursos imprescindibles nestas maletas.

Nas maletas dirixidas a Secundaria, os recursos para familias céntranse nesa difícil etapa evolutiva, diminúen os materiais da tradición e álbum, ao tempo que aumentan os diarios que buscan a identificación con personaxes adolescentes aos que lles sucede o mesmo que aos lectores co que se relativiza a súa problemática e lles serve de aprendizaxe. Coleccións como “Que me dis de...”, “Saber para vivir” ou “Autoaxuda” de Nova Galicia Edicións tratan temáticas que preocupan a rapaces, mozas e adultos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Recursos Humanos

